

REGULAMENTO DE REXIMEN INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL TRANVÍA I

CAPÍTULO I: OBXECTO, DATOS DO CENTRO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto determinar a organización e funcionamento da nova Escola Infantil Tranvía I sita na rúa Matilde Bares do Concello de Bueu.

Artigo 2º. Definición

As E.E.I.I. Tranvía son equipamentos diúrnos de carácter educativo e asistencial, dirixidos ao sector infantil da poboación de ata 3 anos de idade, que teñen por obxecto o desenvolvemento harmónico e integral dos/das nenos/as, realizando unha importante labor de apoio á función educativa da propia familia ao tempo que facilitan a conciliación coa vida laboral e persoal, ademáis os Centros contan con servizo de comedor e horario amplo, tendo outras actividades complementarias que veñen reflexadas no curriculum educativo anual do centro.

Artigo 3º. Datos significativos do Centro

Denominación do Centro: Escola Infantil Tranvía I.

Enderezo: Rúa Matilde Bares Nº11, Baixo, C.P. 36930, Bueu (Pontevedra).

Teléfono: 986.320663

Responsable do Centro: **Dona Rebeca Figueroa Piñeiro** (Directora Administrativa).

Titularidade: A Escola Infantil Tranvía I depende da **Asociación Educativa Tranvía**, inscrita no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais con N° de Identificación E-4488-C-1 e C.I.F. G-36388734, tendo o seu domicilio social na rúa Pazos Fontenla 84-86 do Concello de Bueu, sendo o representante legal da Asociación en calidade de Presidente **Don Isaac Figueroa Piñeiro** con D.N.I. 78.738.765J.

Capacidade do Centro e número de Unidades:A capacidade da Escola Infantil Tranvía I e de 61 nenos/as.

Conta con 4 unidades divididas da seguinte forma:

	Ratio/nenos
1 unidade con nenos/as de 0 a 1 ano	1/8
1 unidade con nenos/as de 1 a 2 anos	1/13
1 unidade con nenos/as de 2 a 3 anos	1/20
1 unidade con nenos/as de 2 a 3 anos	1/20

Artigo 4º. Autorizacións

A antiga Escola Infantil Tranvía I ten concedida ás autorizacións necesarias para o desenvolvemento da súa actividade polos distintos organismos competentes (Xunta de Galicia, Concello de Bueu) así como o permiso de inicio de actividades dende o 4 de Xullo de 2002.

Artigo 5º. Tipo de Xestión

A xestión da Escolas Infantiles Tranvía e directa e corresponderá os órganos de administración da Asociación Educativa Tranvía determinando ésta a forma na que deben prestarse ós servizos.

CAPÍTULO II: FUNCIONAMENTO

Artigo 6º. Obxectivos

Son obxectivos específicos das Escolas Infantiles Tranvía I e Tranvía II, que serán desenvolvidos nos proxectos educativos de ambos centros

I. Promover e fomentar o desenvolvemento integral das/dos nenas/os e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas.

II. Facilitar a conciliación entre a vida familiar, persoal e laboral.

III. Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.

IV. Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio.

V. Respetar a singularidade e a diversidade de cada nena/o contribuindo a formar actitudes tolerantes.

VI. Posibilitar a integración progresiva das/dos nenas/os na cultura do seu medio.

VII. Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias.

VIII. Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo un uso axeitado destes.

IX. Facilitar a integración dos/das menores con necesidades educativas especiais, sempre e cando as E.E.I.I. TRANVÍA contén cos recursos materiais e humanos necesarios.

X. Acadar o desenvolvemento das capacidades das/dos nenas/os nas dúas linguas oficiais de Galicia cara o seu uso como vehículo de comunicación. Ademais procurarán a introdución da terceira lingua.

Artigo 7º. Requisitos dos usuarios/as.

As E.E.I.I. TRANVÍA prestarán atención e coidado continuado os/as menores de entre 3 meses e 3 anos de idade tendo en conta o seguinte:

I. Que o/a menor teña para a que se solicita praza teña unha idade mínima de tres meses na data de ingreso e non ter cumpridos os 3 anos o 31 de decembro do ano no que se solicita praza.

II. Con carácter xeral darase preferencia ás solicitudes pertencentes a unidades familiares con empadramento no Concello de Bueu, así como as de praza relativas a xornada completa, podendo ter acceso igualmente ós fillos de traballadores que sin ter fixada a súa Residencia no Municipio, teñan no término Municipal o seu posto laboral.

III. As nenas e nenos con discapacidade que precisen de apoio específico para a súa integración deberán contar co informe do equipo de valoración e orientación da delegación provincial do departamento da Xunta de Galicia con competencias nesta área ou no seu caso servizos especializados de atención temperá que indiquen a necesidade de apoio específico para a súa integración. Non poderá haber máis dunha praza destas características por aula e para os efectos de ratio contabilizaranse como dúas.

Artigo 8º Procedemento para a adxudicación de prazas.

Procedemento ordinario. Segundo se trate dunha/dun nena/o que xa foi usuaria/o do mesmo centro no curso anterior ou non, aplicarase unha das seguintes modalidades, priorizando en todo caso a continuidade na prestación de servizos.

I. Reserva de praza:

Proporciona continuidade ás prazas adxudicadas no ano anterior sempre que se manteñan os requisitos recollidos no artigo 7º.

Aqueles/as que formulen esta reserva nun horario distinto ao que se lle viña prestando optarán a este cambio só no caso de existir vacante, logo destas consideraranse as solicitudes doutros/as nenos/as.

II. Novo ingreso:

As prazas que non sexan cubertas no procedemento anterior ofertaranse á poboación xeral que cumpra os requisitos que fixa o artigo 7º. Dentro desta modalidade determínase a seguinte orde de preferencia:

- a) Usuaris/os que ocupaban praza reservada e ingresos urxentes.
- b) Solicitantes con irmán/á cunha praza renovada no centro para o que se solicita o novo ingreso.
- c) As restantes solicitudes adxudicaranse atendendo á orde de data de reserva

Artigo 9º. Lugar e prazo de solicitude da preinscripción

I. As solicitudes de ingreso efectuaranse nos modelos normalizados que serán facilitados nas E.E.I.I. TRANVÍA (Anexo II).

II. Os prazos de presentación de solicitude serán os que seguen:

- a) O prazo de presentación de solicitudes, tanto de reserva como de novo ingreso na Escola Infantil será: do 1 de Abril ao 15 de Agosto, no caso de que estes días non resulten hábiles adiantarase o inicio e/ou o fin do prazo ata o seguinte hábil.
- b) Solicitudes fóra de prazo. Ata cubrir as vacantes poderán presentarse solicitudes fóra deste prazo.

Solicitude de praza novo ingreso:

- 4 fotos tamaño carnet do neno/a.
- Documentación xustificativa da situación sociofamiliar declaración da renda do ano anterior o ingreso ou certificado de facenda conforme non realiza a declaración. (ámbolos proxenitores)

- Libro de familia no que figuren todas as persoas que conforman a unidade de convivencia.
- Certificado de convivencia onde figure a/o nena/o se fose necesario.
- Libro de familia numerosa, se é o caso.- Certificados de minusvalidez e/ou dependencia da/domenor e/ou das persoas convivintes, de ser o caso.
- No caso de nenas/os de integración, o informe do equipo de valoración e orientación das delegacións provinciais do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de discapacidade ou o informe dos servizos públicos de atención temperá que indiquen a necesidade de apoio específico para acadar a súa integración.
- No caso de existir enfermidades crónicas ou outras afeccións da saúde alegadas polos membros da unidade familiar, informe médico.
- A condición de familia monoparental, de non quedar suficientemente acreditada a través da antedita documentación (libro de familia, certificado de convivencia,...), farase constar coa achega de sentenzas xudiciais, resolucións administrativas ou outra documentación que poida resultar acreditativa.
- Cando se trate de ingresos urxentes ou no caso de que existan aspectos suficientemente acreditados requirirase informe social da/do traballadora/traballador social de atención primaria de referencia.
- Se fora o caso, última nómina.
- Se fora o caso, certificado positivo ou negativo de pensións, prestacións por desemprego ou de carácter social.
- Sentenza/auto xudicial na que se fixe a contía de pensións alimenticias ou compensatorias.

Artigo 10°. Emenda de documentación

Se a solicitude presentada non reunira tódolos requisitos determinados requirirase ao/á interesado/a para que emende a falta e/ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo de 10 días dende a notificación, con indicación de que se non o fixese, teráselle por desistida/o do seu pedimento.

A selección de solicitudes efectuarase en función da quenda á que corresponde o ingreso, no Anexo II e os criterios de priorización. Se logo disto persistise o empate entre varias solicitudes darase preferencia á renda per cápita máis baixa e no seu caso a aquelas que se refiran a xornada completa (continuada ou partida) sobre as de media xornada, e as que inclúan o servizo de comedor.

Artigo 11°. Reclamacións

Os/as solicitantes que o desexen poderán presentar as reclamacións nas oficinas das Escolas Infantiles Tranvía, debidamente documentadas, que consideran oportunas no prazo de 10 días naturais contados a partir da data de publicación da relación provisional.

Artigo 12°. Adxudicación de vacantes durante o curso escolar.

As prazas que sen causa xustificada, non se atopen cubertas ós 15 días de iniciado o curso escolar, consideraranse como vacantes. No suposto de que se produzan vacantes e se atope esgotada a lista de espera, iniciárase o procedemento para a elaboración da nova lista de espera. Durante o curso escolar poderá solicitarse o ingreso no centro, sempre que existan prazas libres.

Artigo 13°. Baixas

Son causa de baixa nas E.E.I.I. TRANVÍA calquera das que se expoñen de seguido,

- a) cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia nas E.E.I.I. TRANVÍA.
- b) solicitude das/os nais/pais ou responsables legais, previo aviso con 15 días de antelación.

- c) falta de pagamento da contía establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar ao que se refira a débeda.
- d) comprobación de falsidade dos documentos ou datos achegados.
- e) incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.
- f) falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.
- g) incumprimento reiterado das normas das E.E.I.I. TRANVÍA.
- h) outras razóns que poidan xurdir e que contén coa proposta da dirección da E.E.I.I. TRANVÍA.

CAPÍTULO III: ORGANIZACIÓN INTERNA

Artigo 14º. Calendario, horario escolar e período de adaptación

a) Calendario:

O servizo das E.E.I.I. TRANVÍA desenvolverase de luns a venres, excluídos o día 7 de decembro e os días festivos segundo o calendario laboral, durante os 12 meses do ano, salvo causa xustificada.

Os/as usuarios/as poderán asistir ao centro un máximo de 11 meses dentro do período de setembro a agosto do seguinte ano, debendo descansar os meses de verán sempre e cando non o fixeran antes.

b) Horario:

O centro permanecerá aberto dende as 8:00 h. ata as 20:00 h. ininterrompidamente. Durante os meses de xullo e agosto o horario da Escola Infantil Tranvía I será de 8.00h ata as 16:00h.

O centro pon a disposición das familias 8 horas de asistencia, con independencia das horas que o neno/a pase no centro, non podendo superar estas 8 horas, agás

cando se xustifique a necesidade dunha estadía superior por circunstancias excepcionais.

Este horario ampliado deberá ser autorizado pola dirección do centro pagándose mensualmente as horas extraordinarias. Este trámite deberá realizarse sempre que o horario mencionado non fora formulado na solicitude da praza e debidamente autorizado naquel momento. Sempre que as circunstancias familiares do/da neno/a o obriguen a permanecer na E.E.I.I. TRANVÍA máis das oito horas diarias estipuladas, fomentárase que as/os nais/pais ou responsables legais se fagan cargo do/da menor ao longo da xornada no tempo que dispoñan libre, co fin de fomentar as relacións entre ambos/as.

O horario de entrada e saída nas E.E.I.I. TRANVÍA débese caracterizar pola flexibilidade que requiran as necesidades da familia, sempre que non leve consigo alteración das actividades das/dos demais nenas/os e do normal funcionamento do centro. Porén, unha vez acordados coas E.E.I.I. TRANVÍA os horarios de entrada e saída, as familias procurarán respetalos.

En caso de incumprimentos inxustificadas e reiterados, a dirección da E.E.I.I. Tranvía adoptará as medidas que se consideren oportunas.

c) Período de adaptación:

Para as/os nena/os que se matriculan por primeira vez haberá un período de incorporación progresiva que se fixará en función das necesidades específicas dos menores.

Artigo 15º. Recollida dos/as nenos/as.

Ao remate da xornada os/as nenas/as serán entregados/as ás/aos nais/pais ou responsables legais. No caso de existir autorización escrita para outras persoas estas deberá ser debidamente identificadas.

Artigo 16º. Servizos de cociña e comedor

a) Atención con comedor incluírá o xantar.

b) Cociña entendida como o servizo de quentar os alimentos que levan as/os nais/pais ou representantes legais non poderá cobrarse simultaneamente ao servizo de comedor.

c) Aquelas/es solicitantes que asistan ao centro sen opción a comedor, poderán ter acceso a este servizo en días soltos, sempre que o soliciten cunha antelación suficiente e xustificando a necesidade puntual deste. Aboarán o prezo estipulado.

A opción dos servizos farase constar na solicitude e manterase salvo circunstancias sobrevidas, debidamente acreditadas, que xustifiquen a modificación da opción elixida inicialmente.

Artigo 17º. Réxime de saídas

As/os nenas/os poderán realizar as saídas incluídas na programación do curso, previa autorización por escrito por parte das/dos nais/pais ou responsables legais. Estas saídas teñen por obxecto:

- a) Establecer relacións sociais nun ámbito cada vez máis amplo.
- b) Observar e explorar o contorno inmediato.
- c) Coñecer algunhas manifestacións naturais e culturais do medio.

CAPÍTULO IV: FINANCIAMENTO DAS ESCOLAS INTANTÍS TRANVÍA

Artigo 18º. Fontes de financiación

As E.E.I.I TRANVÍA contan con dous fontes de financiación:

- a) A Xunta de Galicia: O ser esta entidade beneficiaria das axudas polo que se regulan os centros e servizos dedicados á atención á primeira infancia.
- b) Taxas aboadas polas/os beneficiarias/os do servizo.

Artigo 19º. Taxas

a) As taxas por asistencia e comedor que aboarán os usuarios/as serán ós regulados no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar que quedaron establecidos segundo se recolle no Anexo I deste regulamento.

b) A taxa de media xornada aplicaráselle ós nenos/as no horario de tarde e tras o requerimento dos pais/nais na solicitude de reserva de matrícula.

c) Se por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permanecese pechado durante un número superior a quince días hábiles consecutivos non se aboará a tarifa que corresponda a este período.

d) A inasistencia do/da usuario/a durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha nin exención do pagamento do prezo establecido cos seguintes excepcións:

Cando a/o nena/o por motivos de saúde deixe de asistir ao centro temporalmente, neste caso, estarán exentos/as de aboar a cota mensual dende o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comezo do período de ausencia.

Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se incorpore ao centro. Non obstante se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%. Nestes casos a solicitude de exención do pagamento, durante o período que corresponda, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante a Dirección da Escola Infantil.

Artigo 20º. Participación no custo do servizo e réxime de cobramento

A correspondente tarifa de presos regulada pola Consellería de Traballo e Benestar determinará as porcentaxes de participación dos/das usuarios/as das E.E.I.I. Tranvía tendo en conta a renda per cápita mensual e as diferentes bonificacións que se deberán aplicar, así como a forma e o período de pagamento do servizo.

Artigo 21º. Revisión da taxa

Ao longo do curso poderase proceder á revisión da taxa fixada inicialmente, cando concorran e se xustifiquen variacións socioeconómicas na unidade familiar referidas aos seguintes casos:

a) A modificación das variables que determinan os descontos recollidos na normativa vixente en materia de taxas.

b) As variacións nos seus ingresos, que impliquen unha modificación substancial na súa capacidade económica. Soamente se terán en conta as variacións de ingresos cando supoñan unha diminución ou incremento de máis do 20% no cómputo anual fronte aos ingresos declarados na solicitude da praza.

Estas variacións deberán ter unha duración temporal dun mínimo de 6 meses para serán tidas en conta e xustificarse por medio da declaración do IRPF, dun certificado emitido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, dun informe da/do traballadora/traballador social do concello ou por calquera outra documentación que, a xuízo da comisión de baremación xustifique e permita un novo cálculo da renda per cápita da unidade familiar.

Neste senso todas/os as/os matriculadas/os quedan obrigados a comunicar calquera variación que se produza ao respecto e concretamente deberán achegar antes do día 1 de xullo a declaración do IRPF do ano inmediatamente anterior ou no seu caso o xustificante de non ter obriga de realizar esta.

O estudo destas variacións económicas realizarase pola Dirección do centro. A modificación do prezo, se é o caso, resolvera a Dirección a partir do primeiro día do mes natural seguinte ao da data da correspondente resolución.

CAPÍTULO V RELACIONES ENTRE AS ESCOLAS INFANTILES TRANVÍA E AS NAIS E PAIS OU REPRESENTANTES LEGAIS

Artigo 22º. Participación de nais e pais ou das e dos responsables legais

a) A relación coas/cos nais/pais ou responsables legais, que deberá ser fomentada pola dirección das E.E.I.I. Tranvía, ten como principais obxectivos:

1. O intercambio de criterios educativos.
2. A transmisión mutua de información sobre actitudes e comportamento das/os nenas/os.
3. Compartir pareceres sobre incidentes, preocupacións, ilusións, actividades, etc.

b) Trala consulta co equipo técnico das E.E.I.I. Tranvía a dirección poñerá en coñecemento das/dos proxenitoras/es ou responsables legais de cada nena/o a información sobre a súa evolución integral.

c) As/os nais/pais ou responsables legais poderán solicitar reunións coa/co titora/titor da/do súa/seu filla/o ou coa dirección de conformidade co horario establecido para tal fin, sempre e cando non dificulten a boa marcha das E.E.I.I. Tranvía. A dirección do centro informará por escrito dos horarios de atención ao principio do curso.

Artigo 23º. Reunións

Co fin de garantir a necesaria cooperación entre o centro e as familias realizaranse reunións xerais e de grupo, segundo a natureza dos temas que se vaian tratar. Estas terán lugar nas dependencias das E.E.I.I. Tranvía, logo de convocatoria por escrito. A súa periodicidade será a seguinte:

- a) Dúas reunións xerais, coincidindo co inicio e co remate do curso.
- b) Unha reunión de grupo cada tres meses.
- c) Nas reunións estarán presentes as/os nais/pais responsables legais, así como o equipo educativo e a dirección do centro.

Artigo 24º. O libro de reclamacións

Cada unha das E.E.I.I. Tranvía terá un libro de reclamacións a disposición dos/as usuarios/as.

CAPÍTULO VI: NORMAS DE SAÚDE, HIXIENE, NUTRICIÓN E UNIFORME

Artigo 25°. Aspectos sanitarios

I. Os/as nenos/as deberán acudir á E.E.I.I. Tranvía en condicións correctas de saúde e hixiene.

II. Non serán admitidas/os na E.E.I.I. Tranvía os nenos/as que padezan enfermidades infectocontaxiosas tendo que permanecer na casa cando teñan febre, diarrea, vómitos ou algunha enfermidade contaxiosa como (rubeola, varicela, sarampón, etc).

III. No caso de observarse síntomas dun proceso infectocontaxioso nos nenos/as nas propias E.E.I.I. Tranvía informarase á dirección e avisarase aos pais ou responsables legais, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais nenos/as e se se lle detectase febre igual ou superior a 38° C, non poderá asistir o centro ata pasadas 24h. dende o momento da detección. O reingreso no centro só será posible logo de transcorrido o periodo de contaxio, podendo ser esixido informe médico, de ser o caso.

IV. No caso de enfermidade ou accidente sobrevido nas E.E.I.I. Tranvía, despois da primeira atención no centro e, á maior brevidade posible, o acontecido poñerase en coñecemento da familia do/a neno/a e, se é o caso, garantirase que éste/ésta reciba a atención médica axeitada.

V. Cando se produza a falta de asistencia á Escola Infantil por un período superior a tres días, debido a enfermidade ou outras circunstancias, as/os nais/pais ou responsables legais deberán comunicar este feito á dirección do centro.

VI. As E.E.I.I. Tranvía non administrarán medicamentos, só nos casos de enfermidades crónicas e/o cando non se poidan administrar as medicinas fora do horario escolar, o centro comprometerase a administrar medicamentos ás/aos nenas/os, exceptuando os antipiréticos, deberán ir acompañados de informe

médico, actualizada á data do tratamento, na que conste o nome da/do menor, o nome do medicamento e a forma, dose e periodicidade na administración.

Porén, non se administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito da/do nai/pai ou responsables legais.

Artigo 26°. Hixiene

I. Todos os nenos/as deben ter no centro.

- Unha muda completa (1 body ou camiseta interior, pantalón, calzoncillo-braga e calcetins) e aqueles que xa camiñen un calzado para deixar nas bolsas da entrada ou onde os país/tutores estimen convinte.

- Un paquete de toallíñas limpadoras que será repostado cando se esgoten.

II. Os nenos que usen cueiros traerán un paquete xunto con toallíñas limpadoras sendo opcional a crema para a irritación da pel, que deberán reponer cando sexa preciso.

III. Todos os luns (exceptuando os bebés) os nenos/as traerán unha toalla tamaño bidé, unha botella de auga e o baby, os de comedor tamén o babeiro.

Artigo 27°. Aspectos alimentarios

Os centros proporcionarán a aqueles/as que utilicen o seu servizo de comedor unha dieta equilibrada e axeitada ás idades dos/das nenos/as, e en todo caso:

a) Existirá a disposición das/os nais/pais unha relación mensual dos menús previstos.

b) A E.E.I.I. Tranvía prestará especial coidado en atender os casos nos que o/a neno/a, por razón das súas circunstancias persoais, deba recibir alimentos de forma ou en horarios específicos, sen prexuízo de que estes deban ser facilitados pola familia sendo esta a responsable do bo estado dos alimentos.

CAPÍTULO VII: PERSOAL DOS CENTROS TRANVÍA

Artigo 28º. Persoal dos centros

As E.E.I.I. Tranvía contan coa seguinte estrutura organizativa:

- a) Presidente da Asociación Educativa Tranvía
- b) A Directora Administrativa das Escolas Infantiles
- c) A Directora Pedagóxica de cada Escola Infantil
- c) Persoal de atención directa as/aos nenas/os (educadoras)
- d) persoal de servizos.

En todo caso respectaranse os requisitos de ratios e titulación do persoal formulados no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG nº156 do 16 de agosto).

Artigo 29º. Funcións da dirección administrativa do centro

A presidencia e a dirección administrativa do centro recaerá nun dos membros da Asociación Educativa Tranvía e a súa labor constituirá na xestión dos recursos (financeiros, sociais, materias, humanos... etc) das escolas infantiles e será tamén un nexo de unión entre as diferentes administracións públicas e privadas e as escolas infantís.

Artigo 30º. Funcións da dirección pedagóxica

A dirección pedagóxica das E.E.I.I. Tranvía recaerá nalgún dos membros do persoal que conte coa titulación de licenciada/o ou mestra/e especialista en educación infantil ou equivalente. As súas funcións serán as que seguen:

- a) Responsabilizarse da correcta xestión do centro.

- b) Exercer a xefatura organizativa do persoal adscrito ao centro, ostentando a representación da E.E.I.I. Tranvía ante calquera outra entidade pública ou privada.
- c) Propoñer aos órganos de dirección da Asociación Educativa Tranvía o proxecto educativo de centro elaborado xunto co persoal de atención directa ás/aos nenas/os.
- d) Propoñer aos órganos de dirección da Asociación o regulamento de réxime interno das E.E.I.I. Tranvía elaborado xunto co persoal de atención directa aos/ás nenos/as.
- e) Cumprir e facer cumprir as leis e disposicións vixentes, o regulamento de réxime interior e toda aquela normativa procedente do departamento da Xunta de Galicia con responsabilidades nesta área.
- f) Supervisar, coordinar e facer cumprir o programa de actividades.
- g) Manter actualizada mensualmente unha ficha individual de servizos na que ademais se recollan as incidencias e cambios que poidan producirse na prestación destes.
- h) Elaborar a memoria anual do centro.
- j) Remitirilles aos órganos do departamento da Xunta de Galicia competente na materia sexan requiridos relativos ás/aos menores atendidos ou a aspectos organizativos e funcionais do centro.
- k) Facilitar as inspeccións que o concello poida realizar co fin de garantir a correcta prestación do servizo.
- l) Autorizar actuacións extraordinarias para o normal desenvolvemento do centro.
- m) Convocar e presidir reunións, así como executar e facer cumprir os acordos que nelas se acaden.

Artigo 31°. Funcións das e dos titoras e titores das unidades

Cada grupo de nenos/as terá unha/un responsable que participará na elaboración, execución e avaliación dos programas individuais e colectivos que se establezan para o desenvolvemento da súa personalidade e terá a responsabilidade do grupo asignado.

As/os titoras/es manterán relacións coas/os nais/pais ou responsables legais dos/das nenos/as da súa unidade e supervisará ao persoal de apoio ou a aquel en prácticas que teñan asignado.

A distribución das/dos responsables nos diferentes grupos recaerá na dirección da E.E.I.I. Tranvía e farase de acordo cos criterios establecidos no proxecto educativo da E.E.I.I. Tranvía.

Artigo 32°. Persoal de atención directa

O persoal de atención directa ás/aos nenas/os será o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo, así como as que lle encomende a dirección da E.E.I.I. Tranvía.

CAPÍTULO VIII: A LINGUA

Artigo 34°. O emprego de linguas

En canto ao uso da lingua nas tarefas educativas cumprírase estrictamente o establecido no artigo 7º do vixente Decreto 124/2007, do 28 de xuño. Na medida do posible introducirase unha terceira lingua.

CAPÍTULO IX: FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE NENOS E NENAS

Artigo 35°. Educación na igualdade

Coa fin de garantir a educación en igualdade e o respecto á diferenza relativas a todos os ámbitos, as E.E.I.I. Tranvía participarán activamente no establecemento das bases sobre os que asentar comportamentos futuros relacionados coa igualdade entre as persoas.

Esta participación abranguerá os seguintes aspectos:

- a) Programación de actividades para promover a igualdade entre ao/as nenos/as e evitar os comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo. Estas actividades reflectiranse nos proxectos educativos e curriculares.
- b) As E.E.I.I. Tranvía poñerán especial coidado en revisar aqueles materiais e ilustracións que se utilicen como instrumento de traballo. Así mesmo vixiarán que no uso da linguaxe se adopten expresións e formas non discriminatorias.
- c) Prestarase especial atención ao fomento da interculturalidade como instrumento de superación das desigualdades, inxustizas, prexuizos e racismo. Neste senso os centros colaborarán nos programas e actividades que o concello desenvolvan para promocionar a igualdade e o respecto á diversidade cultural.

CAPÍTULO X: DEREITOS E DEBERES

Artigo 36°. Dereitos dos e das usuarias e usuarios

a) Dereitos dos/as nenos/as:

1. A acceder ao centro e recibir asistencia sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2. Á debida consideración no trato, á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro como das/dos demais usuarios/as.
3. Ao sigilo profesional relativo aos datos do seu historial sanitario e sociofamiliar.
4. A realizar saídas ao exterior, sempre e cando os nenos/as vaian acompañados por persoas adultas e responsables e conten con autorización escrita por parte das/dos nais/pais ou representantes legais.
5. Á intimidade persoal en función das condicións estruturais do centro.
6. A que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educación, cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.
7. A recibir un tratamento individualizado de contido educativo cara a súa integración sociofamiliar, que teña como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.
8. A seren educadas/os para a comprensión, tolerancia e convivencia democrática, posibilitándolles que poidan facer uso das súas opcións de forma libre e persoal.
9. A deixar de utilizar os servizos ou abandonar o centro.

b) Dereitos das/dos nais/pais ou responsables legais:

1. A seren informados de xeito comprensible das medidas adoptadas respecto das/dos súas/seus fillas/os e a pediren explicacións de canto afecte a súa propia educación.
2. A participaren nas actividades educativas: festas escolares (magostos, Nadal, Entroido,...), contacontos, axudas na preparación de materiais para o traballo dos/as nenos/as...
3. E todos aqueles dereitos e obrigas dos pais/nais ou representantes legais que contemple a lexislación educativa vixente.

Artigo 37°. Deberes dos e das usuarios e usuarias

- a) Pagar as taxas que se determinen regulamentariamente.
- b) Cumprir as normas sobre a utilización do centro ou servizo determinadas no regulamento.
- c) Observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, a tolerancia e a colaboración.
- d) Participar na vida e nas actividades educativas e festivas do centro, de acordo co que dispón este regulamento

Artigo 38°. Dereitos do persoal

- a) Recibir información periódica da marcha e funcionamento do centro, a través da/do directora/director.
- b) Presentar propostas que contribúan a mellorar o funcionamento do centro e a atención prestada aos/ás menores.
- c) Desenvolver as súas funcións educativas segundo o seu criterio persoal, sempre que se axusten ao proxecto educativo e á programación anual do centro.
- d) A que se lle proporcionen, dentro das posibilidades do centro, os instrumentos e medios necesarios para desenvolver as súas función axeitadamente en beneficio dos/das nenos/as atendidos/as.

Artigo 39°. Deberes do persoal

- a) Cumprir e facer cumprir, de acordo coas súas funcións, o regulamento de réxime interior.
- b) Velar polo respecto aos dereitos das/dos menores recollidos no presente regulamento e aqueles outros recoñecidos na lexislación vixente.
- c) Gardar estrita confidencialidade sobre os datos persoais aos que teñan acceso en razón das súas funcións.
- d) O cumprimento das tarefas e responsabilidades derivadas do seu posto de traballo, adaptaranse a novas necesidades percibidas na xestión destas.

ANEXO I: PREZOS

Matrícula curso 2018-19: 100€

Gastos de material: 58€

CADRO DE PREZOS DAS ESCOLAS INFANTIS 0-3 - curso 2017/2018					
Contas en función do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM)	Tramos de renda per cápita		Atención educativa	Atención educativa con comedor	Horario ampliado Hora
	Desde	ata			
Interior ao 30 % do IPREM	0,00 €	161,34 €	0,00 €	0,00 €	21,16 €
Entre o 30 % do IPREM e inferiores ao 50 % do IPREM	161,35 €	268,91 €	0,00 €	17,45 €	21,16 €
Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75% do IPREM	268,92 €	403,37 €	34,91 €	52,36 €	21,16 €
Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100% do IPREM	403,38 €	537,83 €	69,81 €	96,26 €	21,16 €
Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125% do IPREM	537,84 €	672,29 €	112,13 €	149,15 €	21,16 €
Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150% do IPREM	672,30 €	806,75 €	133,29 €	186,18 €	21,16 €
Entre o 150% do IPREM e o 200% do IPREM	806,76 €	1.075,69 €	147,05 €	210,52 €	21,16 €
Superiores ao 200 % do IPREM	Más de	1.075,69 €	169,25 €	243,31 €	21,16 €

DESCONTOS (non acumulables entre si)		SUSPENSION TEMPORAL DA COTA	
		Situación	Periodo de suspensión
Familia numerosa	20%	Vacacións do neno ou da nena	O mes de vacacións anual
Familia monoparental	20%	Falta de asistencia por causa debidamente xustificada	Suspensión da cota do comedor. A partir do primeiro día do mes natural seguinte á data de ausencia. Duración da suspensión ata o primeiro día do mes natural no que leña lugar a reincorporación. Reincorporacións a partir do día 15 do mes. 50 % da cota.
Outros irmáns no centro	20% o segundo e sucesivos		
Ingreso despois do día 15 do mes	50% da cota		
Familias con RPC igual ou inferior a 7.500 € anuais exención da cota a partir do 2º fillo ou filla que acuda á mesma escola			

